

Normativa ETSE sobre Plaxio

Xunta de Escola 19-12-2019

Definición de plaxio

No Dicionario da Real Academia Galega (academia.gal/dicionario) defínese plaxio como a "apropiación fraudulenta dunha obra allea". Enténdese por obra calquera traballo (técnico, artístico, científico, etc) en calquera formato (texto, gráfico, programa informático, fotografía, deseño, etc). Todas as obras teñen autores/as, incluídos os documentos dispoñibles de forma libre na rede.

As tres formas principais de plaxio son:

- x Copia, parcial ou total, dunha obra allea
- x Apropiación da autoría, presentando como propio traballo alleo
- x Presentar como novo un traballo propio xa presentado anteriormente

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) considera o plaxio inaceptable dende o punto de vista ético, social e legal.

Emprego da tecnoloxía na detección do plaxio

As ferramentas tecnolóxicas resultan un recurso de gran interese como axuda na detección do plaxio, xa que xeran informes onde se focaliza a atención sobre fragmentos da obra analizada supostamente non orixinais.

Sen embargo, a toma de decisións baseada nas evidencias que aportan estas ferramentas é fortemente dependente do contexto e requiren unha revisión manual dos informes.

No caso de utilizar ferramentas tecnolóxicas na avaliación docente, a resposta numérica da ferramenta non terá a consideración de evidencia de plaxio se non está acompañada de evidencias documentais.

No caso especial dos Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Máster (TFM), dada a súas especiais circunstancias, as Comisión de Título poderán especificar instrucións específicas sobre o emprego das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles.

Normativa USC

O artigo 16 da normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións (Consello de Goberno 15-06-2011; BOE 21-07-2011) establece que "a realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba esixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor. Considerarse fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores e das fontes".

Procedemento

A ETSE, para o desenvolvemento do artigo 16 da normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da USC, establece o seguinte procedemento:

- x Cando un/ha docente detecte de forma razoable a existencia de plaxio, informará ao resto de docentes da materia (resto de membros do tribunal no caso de Tfg ou TFM) e aos/as coordinadores/as de curso/módulo e

título que colaboraran na avaliación das evidencias documentais existentes.

- x No caso de unanimidade sobre as evidencias de plaxio, o/a docente procedera a cualificar ao(s)/a(s) estudante(s) coa nota mínima que permita a normativa en vigor da USC. Dende a coordinación do título levarase un rexistro deste tipo de incidencias.
- x O(s)/A(s) estudante(s) implicado(s)/a(s) poderá(n) presentar reclamación sobre a cualificación obtida na materia, ante a Dirección do Centro, seguindo o procedemento establecido na citada normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e revisión de cualificacións.

En caso de reincidencia na realización de plaxio, na mesma ou en diferentes materias do título:

- x A Comisión de Título, unha vez escoitadas as alegación do(s)/da(s) estudante(s) implicado(s)/a(s), tomará a decisión de solicitar a Dirección do Centro que este de conta a Secretaría Xeral para o inicio das responsabilidades disciplinarias que procedan.

Esta normativa deixa sen efecto a Normativa sobre autoría de traballos prácticos aprobada en Xunta de Escola ó 26-10-2016 e modificada en Xunta de Escola ó 24-02-2012.